



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### OLEIROS

##### Secretaría Xeral

*Aprobación definitiva da modificación do artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal*

#### ANUNCIO

Transcorrido o prazo de exposición pública durante 30 días hábiles da “MODIFICACIÓN DO ARTIGO 22 DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL (ROM) DO CONCELLO DE OLEIROS, aprobada inicialmente polo Pleno municipal de data 29 de febreiro do 2024, publicado no BOP nº 50 de data 11 de marzo do 2024, presentouse unha alegación que foi desestimada polo Concello Pleno na sesión de 30 de maio do 2024, quedando definitivamente aprobada dita modificación. Polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85 procedes a publicación do texto íntegro do artigo nº 22 do ROM no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor:

“...ARTIGO Nº 22 DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL:

Nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos engadidos na orde do día, antes de pasar ao turno de “Rogos e preguntas”, o Presidente preguntará si algún Grupo Municipal desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de “Rogos e preguntas”. As mocións deberán referirse a asuntos de competencia plenaria, entendendo por tales os establecidos no artigo 22 da Lei 7/85, de 2 de abril e 50 do ROF.

As mocións que poderán presentarse para cada sesión plenaria e por cada grupo municipal serán proporcionais ao número de concelleiros e concelleiras. Os grupos que teñan de 1 a 5 membros poderán presentar 2 mocións, os grupos de 6 a 10 membros poderán presentar 4 mocións e os grupos de 11 a 21 membros poderán presentar 6 mocións...”

Oleiros, 31 de maio do 2024

O ALCALDE,

Ángel García Seoane